

Digna Blanco Novegil

(XEVE, 1919-MONDARIZ, 1993)

Digna Blanco Novegil tiña dezasete anos cando foi do golpe de Estado. Non se lle coñece afiliación política nin foi directamente represaliada, pero a súa vida viuse totalmente truncada polo asasinato do seu mozo, Manuel Amoedo Nogueira, e o distanciamento co seu pai, ao que nunca lle perdoou que cedese ás ameazas dos cívicos e acabara delatando onde tiña agochado o futuro xenro.

A neta de Cándido Blanco, que así se chamaba o pai de Digna, asegura que non lle quedou outra que falar, pois os gardas ameazaron con queimarlle a casa e facerlle dano a toda a familia:

“Na miña casa, a miña avoa sempre contou que unha noite chegaran os gardas, enfocaran desde arriba, desde a estrada, cun foco moi grande, mentres outros xa baixaron e ameazaron o meu avó ata que lles dixo onde estaba agochado. Tíñano escondido alí, nunha cova que hai debaixo da casa dos meus pais (...) Digna enfadouse bastante co seu pai e marchou a vivir a Mondariz. A miña avoa dicía que nunca llo perdoou, pero claro, ameazaron con levar o meu pai, que era pequeno (daquela tería tres ou catro anos), con raparlle o pelo ás miñas tías e din que non tivo outra que contalo. Mesmo lle dixeron que lle queimaban a casa”.

Mariluz Blanco, sobriña de Digna Blanco

Na casa de Cándido sempre se dixo que alguén da súa contorna delatara a Manuel, que os gardas chegaran sabendo que estaba alí e ameazaron con quei-



mala para darlle morte se non lles indicaban o punto exacto. Pero iso non impediu que Digna se afastase para sempre do seu pai.

“A miña nai veu de Pontevedra para Mondariz a servir nunha casa duns señores que tamén eran de alá. Veu enfadada co seu pai polo de delatalo. O pai apareceu unha vez por aquí, xa casara a miña nai, eramos nós pequenos, pero non estivo na nosa casa, foi a unha pensión. Posiblemente el veu a vela para reconciliarse porque morreu pouco despois, pero a miña nai non tivo relación con el, sabes?”.

Teresa Pardo, filla de Digna Blanco

Logo de morrer Cándido, Digna si volveu ir a Xeve, visitar a súa nai, Sebastina Novogil, e os seus irmáns e irmás. Tiña catro: Santiago, Josefa, Rosario e Agustín. O sucedido provocou tal desasosiego en Sebastiana que, segundo explica a súa neta, ficou con medo toda a vida:

“Lembro que cando eu era unha nena e a miña avoa miraba a Garda Civil ou unha persoa de uniforme, desmaiábase, co medo que colleu diso”.

Mariluz Blanco, sobriña de Digna Blanco

A Digna tamén lle quedou aquilo aí entullado e tardou moitísimo en refacer a súa vida:

“A miña nai veu solteira e estivo vivindo aquí soa bastante tempo. Logo casou co meu pai. A min tívome con 35 e son a maior dos catro. Estivo moito tempo solteira”.

Teresa Pardo, filla de Digna Blanco

Morreu en 1993 e, segundo a súa filla, sempre ficou afastada da política na que Manuel Amoedo estaba fondamente implicado. Tanto que xa lle custara unha detención durante o bienio negro:

“Membro do comité das xuventudes unificadas, (Manuel Amoedo) xa foi detido no 34 no lugar de Torre Vella e ocupáronselle dúas pistolas: unha Vite e unha Star. E dúas caixas de municións. É condenado a 18 anos polo agravante da súa constante relación con elementos revolucionarios. Foi encerrado no penal de San Cristóbal con Gómez Corbacho. Sae en febreiro de 1936, coa amnistía e son recibidos por unha multitude, con foguetes e banda de música interpretando a Internacional e o Himno de Riego. O 15 de marzo houbo un banquete na súa honra”.

Xosé Álvarez Castro, Pontevedra nos anos do medo

Ademais, nos días inmediatamente posteriores ao golpe, foi o xefe das milicias en Mourente e participou nas requisas de armas. Tras a súa detención na casa de Cándido Blanco, foi asasinado e o seu corpo nunca apareceu.



A súa morte tinxiu de loito a vida doutra muller, a nai de Manuel, Teresa Nogueira, a Barriguda, veciña de Cons e moi coñecida en toda a parroquia de Mourente por exercer de parteira e curandeira:

“Á miña avoa no barrio queríaselle moito porque cando os animais se puñan mal, víñalle mal a cría, ía ela e púñalla ben. Incluso á xente. Era como unha curandeira. Ía quen tiña dor nun brazo e ela púñalle como unha ventosa e arraxáballo. Mesmo facía escritos nunha tea vermella para a cousa dos meigallos”.

Carmen Coto Amoedo, neta de Teresa a Barriguda

Teresa tiña tamén unha filla, Pilar Amoedo, casada con outro republicano, Hermínio Coto, que tamén foi detido tras o golpe. A parella perdera un fillo durante a II República e no enterro civil, o responso do cura foi substituído polas palabras doutro veciño de Mourente asasinado polos fascistas tras o golpe: Ramón Meis.

Logo tiveron unha filla á que Carmen lle falou do asasinato do seu tío, aínda que ben pouco:

“Contoumo pero non falaba moito do tema”.

Carmen Coto, sobriña de Manuel Amoedo

Teresa, a súa avoa, tampouco falaba nunca diso. Ela era pequena cando lle morreu pero lembra que contaba que o home, Florentino Amoedo López, era feirante, que se levantaban de madrugada e ás veces había tanta lúa que pensaban que era de día, que ían xuntos á feira mercar e logo viñan cos animais... pero non do fillo, do fillo non falaba nunca:

“A avoa contaba doutras cousas na lareira e a min gustábame que me contara. Non había tele e era o entretemento que había, pero do meu tío nunca me falou. Tampouco nunca lle quitou o loito. Sempre estaba de negro. Saía negra; eu acórdome daquela blusa negra, do mandil negro. Todo negro. E pano na cabeza, deses de tela que había antes. Desde que teño coñecemento recordo vela sempre de negro”.

Carmen Coto, sobriña de Manuel Amoedo